

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 29 de xuño de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,00 horas do día vinte e nove de xuño de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(723).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22.06.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(724).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 114/08. Demandante: D.^a M. Juana González Alonso e dous mais. Obxecto: desestimación presunta XGL 27/12/2007, reclamación Inventario de M.B. Sentenza non firme que estima o recurso. Expte. 5031/111.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 118/2012. Demandante: D.^a M^a Carmen Montenegro Fernández. Obxecto: desestimación presunta e serodia expresa do 20.04.2012. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7301/111.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 116/2012. Demandante: CONTENUR, S.L.. Obxecto: desestimación presunta e serodia expresa do 20.04.2012. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7300/111.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 226/2010. Demandante: D. Jesus M. Fernández Caamaño. Obxecto: selección sarxentos da Policía Municipal. Apelación en 2^a Instancia. Resolve a apelación do demandante contra a sentenza de instancia, desestimando todo o substantivo. Expte. 4812/111.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 125/2012. Demandante: Comunidade de MVMC de Teis. Obxecto: exención IBI de parcela do Monte da Madroa. Sentenza non firme que estima o recurso. Expte. 7321/111.
- f) Sentenza do Xulgado de 1^a Instancia nº 1 de Vigo no Xuízo Verbal (art. 41 LH) protección dereitos reais, nº 64/2012. Demandante: D.^a Isaura Rodríguez Novoa. Obxecto: Camiño do Lago-Beade (franja de terreo diante da súa casa). Sentenza non firme que desestima a demanda. Expte. 7309/111.
- g) Sentenza do Xulgado de 1^a Instancia nº 3, xuízo ordinario nº 625/09. Demandante: D. Manuel Estevez Tielas. Obxecto: reivindicatoria de terreo no ramal 8 da rúa Freiría-Candean. Sentenza desestimatoria, Apelación nº 3085/2011, Audiencia Provincial de Pontevedra, sección 6^a. Desestima a apelación da demandante contra a sentenza de instancia, con custas de oficio. Expte. 5229/111.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 187/2008. Demandante: UNION DE CONSUMIDORES DE PONTEVEDRA. Obxecto: resolución da XGL do 26.02.2008. Tarifas aparcadoiros públicos, sentenza desestimatoria. Apelación nº 4704/2009 o TSXG estimou parcialmente o recurso. O TSXG, sala do contencioso-administrativo sección 2^a. Apelación 4124/2012, sentenza nº 347, resolve a apelación desestimándoa. Expte. 4464/111.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 97/12. Demandante: D.^a M^a Jesus Ruibal Crispín. Obxecto: resolución 12.03.12 de contaminación acústica. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7274/111.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 103/12. Demandante: D.^a Soledad Comesaña Fernández. Obxecto: caída na vía pública. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7273/111.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 115/2012. Demandante: D. Isaac González Paz. Obxecto: desestimación de solicitude de nulidade, guindastre, retirada de vehículo. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7299/111.

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 109/2012. Demandante: D^a Amparo Díz Rodríguez. Obxecto: resolución 2.02.2012, danos en farmacia por obras do aparcadoiro subterráneo. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7289/111.

ñ) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 186/11. Demandante: D^a Remedios Copa Sánchez. Obxecto: caída na Avda. Castrelos. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 6679/111.

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 80/2012. Demandante: SULCER, S.L. Obxecto: resolución do TEA do Concello de Vigo inadmisión constrinximento e sanción tributaria. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7228/111.

p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 110/2012. Demandante: D.^a M^a Alicia Fernández Amoedo. Obxecto: resolución 24.01.2012, sanción de tráfico. Sentenza firme que desestima o recurso. Expte. 7287/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(725).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 858/05, 1475/06.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 18 e 20.06.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Blanca Rivas Fernández. Expte.858/05.
- D^a. Dolores Sieiro Lojo. Expte.1475/06.

4(726).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE FAMILIARES ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA. 73468/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica responsable do programa, do 28.05.2012, conformado polo xefe da área de Política de Benestar e polas concelleiras delegadas de área e de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 5.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 22.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Exmo. Concello de Vigo e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia, de compromiso de dez prazas para enfermos de alzheimer e dez prazas para familiares empadroados no Concello de Vigo, nos talleres que se desenvolvan dentro do programa “Obradoiros Paralelos”, sen custo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar.

2º.- Aprobar o gasto total de 18.000 euros a favor da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia, CIF G-36776920, con cargo á partida 2310.4980010 – Convenio AFAGA -,

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA”

Vigo, ____de _____de 2012

REUNIDOS

Dunha parte D^a Isaura Abelairas Rodríguez, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

Doutra parte Don Juan Carlos Rodríguez Bernardez, DNI 36073858Z, en calidade de Presidente da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, con enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia “AFAGA” e unha entidade colaboradora do departamento de Política de Benestar dende hai anos, e entre os seus fins está prestar atención social específica aos enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación son entre outros: prestar a asistencia psicolóxica e moral aos familiares dos afectados da enfermidade, asesorar aos familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controlar a asistencia dos

enfermos para mellorar no posible a calidade de vida. Enténdese o alzheimer como un conxunto de síntomas derivados dunha enfermidade cerebral dexenerativa que se manifesta nunha progresiva perda de memoria, da linguaxe e do xuízo. Descoñécense as causas e non existe tratamento para a súa cura. A finalidade deste convenio consiste na subvención de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación no seu programa "Obradoiros Paralelos". En concreto subvencionaranse dez prazas no programa de "Obradoiros Paralelos" sen cargo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.

II.- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, este recurso é un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (os de poboación superior a 20.000 habitantes).

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Política de Benestar polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no orzamento de 2012, na partida "Convenio AFAGA" 2310 4890010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000€, a favor da Asociación AFAGA.

IV- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as

subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a subvención de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación no seu programa “Obradoiros Paralelos”. En concreto subvencionaranse dez prazas no programa de “Obradoiros Paralelos” sen cargo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade AFAGA, o Concello de Vigo e a dita asociación AFAGA, convenían a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

P A C T O S

Primeiro.-

A entidade AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo co programa de “Obradoiros Paralelos”, e concretamente a:

- Levar a cabo o programa “Obradoiros Paralelos” dirixido aos enfermos/as de alzheimer ou outra demencia neurodexenerativa así como a familiares dos enfermos que asisten aos obradoiros de estimulación cognitiva. Os obradoiros van dirixidos a:
 - Traballar aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe,...)
 - Traballar aspectos funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade, ...)
 - Proporcionar apoio emocional aos familiares dos asistentes aos obradoiros
 - Procurar para os familiares un tempo de descanso con actividades lúdicas
 - Dotar de coñecementos prácticos aos familiares en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.
- Aceptar ós vinte beneficiarios que serán derivados polo departamento de Política de Benestar seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.
- Que os obradoiros sexan impartidos por técnicos especialistas na materia.
- En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade “AFAGA” unha subvención para o exercicio 2012 por importe de 18.000 euros co obxecto de cubrir o coste de dez prazas para enfermos de alzheimer no programa “Obradoiros Paralelos” e dez prazas para apoio aos seus familiares.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 18.000 euros. con cargo ao programa de gastos 2310, partida 4890010, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de AFAGA e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Oitavo.-

A entidade AFAGA comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A entidade AFAGA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

Para a xustificación convenio, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2013 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.
 - Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 - Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que acredite, mediante declaración xurada, que a entidade está exenta.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de

procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2012.

Décimo terceiro.-

A axeita xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes

orxamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento

5(727).- ALLEAMENTO DE EMBARCACIÓN MATRÍCULA 8-VI-5-5-11. EXPTE. 4070/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Enaxenar a Francisco Javier Rivero Alvarez a embarcación matrícula 8-VI-5-5-11 (exped 4070-241). por un importe de 51 euros.”

6(728).- ADXUDICACIÓN A OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.U. A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 2054/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 18.06.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 22.06.2012, conformado polo Interventor Xeral. a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.-Adxudicar a OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ: TELÉFONO 010. EXPTE. 2054-321, por un prezo total de 739.190,68 euros, e un incremento de 12 horas semanais, o que suporía un total de 250 horas semanais.

Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

7(729).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a CONTENUR S.L. a fianza de 1.200 € constituída para responder da contratación de materiais parques infantís Lote II papeleiras xa que foron recibidas mediante acta de 5-03-09 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 4141/241.

B) Devolver a XOMA INICIATIVAS SOCIAIS, S.L. a fianza de 6.336 € constituída para responder da asistencia técnica de información xuvenil por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 4127/241.

C) Devolver a COVSA, a fianza de 5.589,47€ constituída para responder das obras de reurbanización Prza. Eduardo Chao, F.2-B, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 18.12.09, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3622/241.

D) Devolver a COVSA, a fianza de 7.409,48€ constituída para responder das obras de reurbanización Prza. Eduardo Chao, F.2-A, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 27.11.09, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3623/241.

E) Devolver a MDC INGENIERIA, a fianza de 2.602,50€ constituída para responder do subministro de tractor con brazo desbrozador, xa que foi recibido mediante acta de 12.03.10, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 4142/241.

8(730).- ASISTENCIA DO FUNCIONARIO JORGE MUÑOZ RAMA AO SEMINARIO SOBRE REHABILITACIÓN DE TUBERÍAS DE SANEAMENTO A CELEBRAR EN ALEMANIA OS DÍAS 25 AO 28 DE XUÑO. EXPTE. 1428/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, do 22.06.2012, conformado polo concelleiro da área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar ao funcionario D. Jorge Muñoz Rama á asistencia ao seminario sobre Rehabilitación de tuberías de saneamento a celebrar en Weeze - Alemania durante os días 25 ao 28 de xuño, e a tramitación do oportuno expediente de gasto.

9(731).- DAR CONTA DOS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS DEPOSITADOS NO MUSEO DA CIDADE "QUIÑONES DE LEÓN" ENTRE O MES DE NOVEMBRO DE 2011 E O MES DE MAIO DE 2012. EXPTE. 4638/337.

Dáse conta dos depósitos de materiais arqueolóxicos realizados no Museo "Quiñones de León", segundo proposta do director do Museo, de data 21.06.2012, conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

"Dar conta á Xunta de Goberno Local dos depósitos de materiais arqueolóxicos realizados no Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", no período comprendido entre o mes de novembro de 2011 e o mes de maio de 2012 e que se relacionan no documento que se achega".

10(732).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS GRUPO NORTE S.L., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA A TRAVÉS DO 010, ENTRE OS MESES DE XANEIRO A ABRIL DE 2012. EXPTE. 2584/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación Cidadá, do 4.06.2012, conformado polo concelleiro da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 12.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 19.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 59.556,00 € (cincuenta e nove mil quinientos cincuenta e seis euros), a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L. (CIF:B-47451794), con cargo á aplicación 9240 2279900 (Teleoperadoras, 010 e envío mensaxes)
- Recoñecer a obriga a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L., polo importe de 59.556,00 € e correspondente a prestación do servizo de atención telefónica a través do 010 no período comprendido entre os meses de xaneiro e abril de 2012

11(733).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE IMESPI S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS, MESES DE MARZO E ABRIL DE 2012. EXPTE. 2589/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación Cidadá, do 4.06.2012, conformado polo concelleiro da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 14.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 19.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 15.990,06 € (quinze mil novecientos noventa euros con seis céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)
- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 15.990,06 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no período comprendido entre os meses de marzo e abril de 2012.

12(734).- INFORME ÁS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO CONVENIO REGULADOR DA CESIÓN GRATUÍTA DO SOTO PRIMEIRO DA AVDA. DE SAMIL Nº 63 CON DESTINO A PRAZAS DE APARCAMENTO DE USO PÚBLICO. EXPTE. 38957/422.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral, do 15.06.2012, conformado pola xefa de Intervención da Edificación e pola Xerente de Urbanismo, e co ditame do Consello da Xerencia de Urbanismo, de data 22.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Desestimar expresamente as alegacións formuladas por don Pablo Padín Sanchez, en data do 21/03/12 (doc 120032701), polos fundamentos de feito e dereito enunciados na parte expositiva da presente resolución.

2.- Ratificar e elevar a definitiva a aprobación do Convenio regulador da cesión gratuita do soto Primeiro da Avda de Samil, 63 con destino a prazas de aparcadoiro de uso público (expte 38957/422).

3.- Notificar o presente acordo a todas as persoas físicas ou xurídicas que figuren como interesadas no expediente 38957/422, informando que contra o presente acordo, cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo.

4.- Dar publicidade dos convenios aprobados ó abeiro do establecido no artigo 11.1 do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, de solo.

5.- Dar traslado da presente resolución ao TSX de Galicia para o seu coñecemento e aos efectos oportunos en execución de sentenza.

13(735).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CABRERA REPARACIONES, S.L., POR OBRAS DE CANALIZACIÓN NA RÚA ESTRADA, 34. EXPTE. 66793/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro de Vías e Obras, do 22.06.2012, conformado polo concelleiro da área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 33,63 € (trinta e tres con sesenta e tres euros) a favor de Cabrera Reparaciones, S.L.

FORA DA ORDE DO DIA

14(736).- NOMEAMENTO DE TRES FUNCIONARIOS INTERINOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 8882/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Emprego e Participación Cidadá, de data 20.06.2012, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e co informe do Interventor Xeral, do 28.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primero. Declarar a urxencia do nomeamento de tres funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal, "IMOS TRABALLAR 2", e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 39/2010, de 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011 (BOE de 23 de decembro seguinte), que indica que non se procederá a contratación de persoal temporal nin o nomeamento de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionales e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. No presente suposto, a selección proposta cumpre co requisito legal da necesidade urxente e inaprazable contida no artigo 23. Dous da citada norma orzamentaria, toda vez que a prestación dos servizos de asistencia social e de promoción e reinserción social constitúe competencia mínima obrigatoria dos Concellos ex artigo 25.2, apartado k) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Segundo. Autorizar o gasto para facer fronte ao nomeamento, ata o 30 de xullo de 2014, por un importe total de 262,627,00 €. con cargo nas seguintes aplicacións orzamentarias, previstas no vixente orzamento, dentro do capítulo I de gastos e distribuído conforme o seguinte:

| 1.1.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA CON ALTA A CRÉDITOS | | IMPORTE (€) |
|---|-------------------------------------|-------------------|
| 2410..1310003 | GASTOS DE PERSOAL IMOS TRABALLAR II | 103.469,49 |
| 2410..1600003 | SEGURIDADE SOCIAL IMOS TRABALLAR II | 33.214,11 |
| TOTAL | | 136.683,60 |

Tercero. Nomear como funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal, ata o 30 de xuño de 2014:

Como director do proxecto "IMOS TRABALLAR 2" (Grupo A2, complemento de destino 26 e complemento específico 670) para a execución do proxecto IMOS TRABALLAR 2

| DNI | NOMBRE | Valoración méritos | 1ª Exercicio | 2ª Exercicio | 3º Exercicio | 4º Exercicio | TOTAL |
|-----------|----------------------|--------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------|
| 36035563Z | LOPEZ RODRIGUEZ JOSE | 8,00 | 4,750 | 3,00 | 2,46 | 0,57 | 18,78 |

Como Técnica de xestión económica do proxecto "IMOS TRABALLAR 2" (Grupo A2, Complemento de Destino 25, Complemento Específico 690) para a execución do proxecto IMOS TRABALLAR 2.

| DNI | NOMBRE | Valoración méritos | 1ª Exercicio | 2ª Exercicio | 3º Exercicio | 4º Exercicio | TOTAL |
|-----|--------|--------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------|
|-----|--------|--------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------|

| | | | | | | | |
|-----------|--|------|-------|------|------|------|-------|
| 78732585C | BERTOLO VIEI-TEZ M ^a TERESA | 7,00 | 4,833 | 4,00 | 1,97 | 1,00 | 13,97 |
|-----------|--|------|-------|------|------|------|-------|

Como Auxiliar Administrativa do proxecto "IMOS TRABALLAR 2" (Grupo C2, complemento de Destino 16, Complemento Específico 166) para a execución do proxecto IMOS TRABALLAR 2.omo Auxiliar Administrativa

| DNI | APELIDOS E NOME | 1ª Exercicio | 2ª Exercicio | 3º Exercicio | 4º Exercicio | TOTAL |
|-----------|----------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------|
| 36164915Z | MARCUÑO RAMOS AINHOA | 4,167 | 4,44 | 3,00 | 1,00 | 12,60 |

Realizando as funcións propias como Director, Técnico de xestión económica e auxiliar administrativa, no desenvolvemento do proxecto "IMOS TRABALLAR 2", segundo as bases de selección para estes postos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2012, no marco da subvención concedida polo Fondo Social Europeo e aprobada por Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial de data 22 de xuño de 2011 (BOE do 1 de xullo de 2011) e a Lei 7/2007, de 12 de abril, do EBEP, art. 10 Funcionarios interinos, punto 1, letra c) a execución de programas de carácter temporal.

E no suposto dunha eventual renuncia, como suplentes de Director (Grupo A2, complemento de destino 26 e complemento específico 670) para a execución do proxecto IMOS TRABALLAR 2 (non habería ninguén, por que o resto dos participantes non superaron as probas selectivas).

No suposto dunha eventual renuncia do posto de Técnico/a de Xestión Económica (Grupo A2, Complemento de Destino 25, Complemento Específico 690) para a execución do proxecto IMOS TRABALLAR 2.

| DNI | NOMBRE | Valoracion méritos | 1ª Exercicio | 2ª Exercicio | 3º Exercicio | 4º Exercicio | TOTAL |
|-----------|----------------------|--------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------|
| 53190928R | GOMEZ ORFO ANA LAURA | 1,20 | 2,583 | 3,00 | 1,78 | 1,00 | 6,98 |

No suposto dunha eventual renuncia do posto de Auxiliar administrativa (Grupo C2, complemento de Destino 16, Complemento Específico 166) para a execución do proxecto IMOS TRABALLAR 2.)

| DNI | APELIDOS E NOME | 1ª Exercicio | 2ª Exercicio | 3º Exercicio | 4º Exercicio | TOTAL |
|-----------|------------------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------|
| 76994143X | DA ROCHA GONZALEZ EVA MARIA | 4,167 | 4,06 | 2,70 | 1,00 | 11,93 |
| 36053544D | FERNÁNDEZ IGLESIAS BEATRIZ | 4,500 | 3,38 | 3,00 | 0,65 | 11,53 |
| 44452061F | CARRERA BABARRO TERESA | 4,417 | 3,13 | 2,70 | 1,00 | 11,24 |
| 36151217R | ALDECOA FUENTES MANUEL | 4,000 | 3,38 | 2,70 | 1,00 | 11,08 |
| 76991699G | MARTINEZ COUTO VICTOR MANUEL | 3,583 | 3,05 | 2,70 | 1,00 | 10,33 |

Cuarto. Estes nomeamentos faranse de conformidade co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do EBEP, ata o 30 de xuño de 2014, e continuarán en vigor en canto se prorrogue a subvención, previa valoración e cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente, así ditos nomeamentos serán revocados ademais polas causas previstas no artigo 63 deo EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ó seus nomeamentos, dacordo co art. 10 apart. 3.

Quinto. Ditos nomeamentos percibirán como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria, a establecida para un posto de traballo de grupo Grupo A2, complemento de destino 26 e complemento específico 670 no caso do director do proxecto, para un posto de Grupo A2, Complemento de Destino 25, Complemento Específico 690 para o posto de Técnico/a de Xestión Económica do proxecto e para un posto de traballo de grupo C2, complemento de Destino 16, Complemento Específico 166 no caso da auxiliar administrativa do mesmo proxecto, sendo adscritos ó departamento de Emprego (Código 108).

Sexto. A xornada laboral destes traballadores nomeados, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –7:45 a 15:00-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo. Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa”

15(737).- AUTORIZAR A EMPRESA ORGANIZIA EVENTOGLOBAL A DESARROLLAR A ACTIVIDADE VIGOARENA 2012 NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 11326/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 28.06.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar a empresa Organizia EventoGlobal a desenvolver a actividade VI-GOARENA 2012 na praia de Samil, a carón das instalacións deportivas do IMD, que constará das actividades deportivas seguintes:

5. 20 ao 22 de xullo: CAMPIONATO GALEGO DE FÚTBOL PRAIA.
6. 14 ao 15 de xullo: XIV CIDADE DE VIGO DE BALONMÁN PRAIA.
7. 25 de xullo: IX TORNEO DE FOOT-VOLEI.
8. 30 de xuño ao 1 de xullo: IX CIDADE DE VIGO DE VOLEY PRAIA.
9. 7 ao 8 de xullo: VIII CIDADE DE VIGO DE TENIS PRAIA.

2.- No desenvolvemento da actividade VIGOARENA 2012, a organización será responsable da preservación dos areais, así coma o cumprimento das medidas de seguridade precisas nas instalacións montadas para a actividade indicada, con sujeción á lexislación vixente e ás ordenanzas municipais.

16(738).- MODIFICADO Nº 1, CUSTE CERO, DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR COLMEIRO (RÚA TARRAGONA-ALVARO CUNQUEIRO”. EXPTE. 1389/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de xestión da área de Fomento, do 7.06.2012, conformado polo xefe da área de Fomento e polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto Modificado nº1 das obras de Humanización da Rúa Pintor Colmeiro (Rúa Tarragona-Álvaro Cunqueiro), que non supón incremento do presuposto previsto no primitivo proxecto.

SEGUNDO.- Ampliar en un mes o prazo de execución das obras, pasando a ser a nova data de finalización o próximo 13 de xullo de 2012.

17(739).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,10 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.